



O SERVIZO DE HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO INCORPORA UN NOVO VEHÍCULO PARA PRESTAR ASISTENCIA

- *O xerente da empresa "Hierros Caldas" realizou a doazón dun novo automóbil en agradecemento á atención recibida polos profesionais sanitarios*
- *Neste momento, HADO conta con 5 coches para os seus desprazamentos, dando cobertura a todos os concellos da Área Sanitaria de Vigo*
- *O pasado ano os equipos sanitarios atenderon a 885 pacientes nos seus domicilios*

Vigo, 25 de abril 2022. O servizo de Hospitalización a Domicilio do Chuvi ven de incorporar un novo vehículo á súa frota de automóviles asistenciais grazas á doazón realizada pola empresa "Hierros Caldas", de Mos.

O xerente da empresa, Antonio Caldas, realizou esta doazón en agradecemento á atención recibida polos profesionais sanitarios durante o seu proceso asistencial.

Con esta nova dotación, o servizo conta con 5 automóviles nos que os equipos sanitarios –6 médicos/as e 8 enfermeiras/os– desprazáronse a prestar atención aos pacientes nos seus domicilios.



O HADO da cobertura a toda a poboación de todos os concellos da Área Sanitaria de Vigo. Presta asistencia a pacientes que, polas súas doenzas ou características, necesitarían ingreso hospitalario pero prefiren permanecer no seu domicilio onde os profesionais sanitarios subministran os mesmos coidados e atencións que nun ingreso hospitalario convencional.

Trátanse pacientes con diversas patoloxías, non só oncolóxicos, incluídos enfermos con necesidades paliativas.

O pasado ano, os profesionais de HADO atenderon a 885 pacientes nas súas casas.